

## **O INEGA convoca:**

### **Subvencións a particulares para proxectos de enerxía solar fotovoltaica**

### **Subvencións a particulares para proxectos de enerxías renovables de uso térmico**

**WWW.INEGA.GAL**

[Resolución do 28 de decembro de 2020 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de enerxía solar fotovoltaica dirixidas a particulares para o ano 2021.](#) (DOG nº 10 do 18/01/2021)

[Resolución do 28 de decembro de 2020 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de enerxías renovables, de uso térmico, dirixidas a particulares, para o ano 2021](#) (DOG nº 10 do 18/01/2021) **IN421G**

#### **Beneficiarias**

- Persoas físicas titulares de calquera dereito sobre un inmovible de dereito residencial ou as comunidades e mancomunidades de veciños, sempre que as actuacións subvencionables se realicen en vivendas ou edificios do sector residencial sitas en Galicia.
- Agrupacións de persoas físicas privadas sen personalidade, que non se poderán disolver ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Actuacións subvencionables**

##### **Para proxectos de enerxía solar fotovoltaica**

- a. Os paneis solares fotovoltaicos.
- b. O acondicionamento da enerxía eléctrica (inversores, convertedores, reguladores, cadros eléctricos, elementos de interconexión, proteccións, cableado, equipamentos de medidas, etc.), monitorización (sensores, adquisición de datos, comunicación remota, etc.) e sistema de acumulación con baterías.
- c. O resto de accesorios da instalación para o correcto funcionamento do sistema.
- d. O custo de montaxe e conexión, así como a dirección de obra.
- e. IVE, cando non sexa recuperable conforme a lexislación nacional sobre IVE.

##### **Para proxectos de enerxía renovable de uso térmico**

a. O equipamento principal de xeración enerxética (paneis solares, bomba de calor, caldeira...). No caso da biomasa, o custo do equipamento térmico e os seus accesorios principais (sistema de regulación e control, sistemas de limpeza, depuración de fumes, extracción de cinzas).

b. O resto de accesorios da instalación para o correcto funcionamento do sistema.

- c. O custo do sistema de almacenamento do combustible.
- d. O custo do sistema de alimentación do combustible.
- e. O custo de montaxe e conexión.
- f. No caso da enerxía xeotérmica, o sistema de captación do recurso xeotérmico: sondaxes, intercambiadores, acumuladores, tubaxes, etc.
- g. No caso de redes de distribución de calor con biomasa, o custo da rede de distribución de enerxía térmica (ata a sala de caldeira existente se se conecta a ela ou, no caso contrario, ao punto de entrada ao edificio) e, de ser o caso, o custo dos sistemas para a conexión coas salas de caldeiras existentes. A obra civil necesaria da sala de caldeiras.

### **Contía da axuda**

Será do 50 % do investimento elixible da instalación coas contías máximas establecidas en cada unha das convocatorias.

En ningún caso serán subvencionables as ampliacións das instalacións fotovoltaicas asociadas á subministración eléctrica das vivendas que xa foron obxecto de axuda de INEGA en anos anteriores.

### **Solicitudes**

**As entidades colaboradoras adheridas son as encargadas de tramitar o procedemento** (presentar a solicitude e presentar a documentación xustificativa da actuación).

Na [páxina web do Inega](#) estará dispoñible unha listaxe de entidades colaboradoras adheridas á convocatoria de axudas.

### **Prazo de presentación para proxectos de enerxía solar fotovoltaica**

Comezará o 3 de marzo, ás 9.00 horas, e finalizará o **1 de xullo de 2021**.

### **Prazo de presentación de solicitudes para proxectos de enerxía renovable de uso térmico**

Comezará segundo a tipoloxía do proxecto nas seguintes datas:

- Biomasa: o 1 de marzo de 2021 ás 9.00 horas.
- Aerotermia: o 2 de marzo de 2021 ás 9.00 horas.
- Xeotermia: o 5 de marzo de 2021 ás 9.00 horas.
- Solar térmica: o 5 de marzo de 2021 ás 9.00 horas.

O prazo de presentación de solicitudes de axuda **finalizara o 1 de xullo de 2021** para todas as tipoloxías de proxectos.